

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 19 de xullo de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

### **“PUNTO TERCEIRO.- CONSTITUCIÓN DE MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.**

*A entrada en vigor da nova lei de contratación, lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos das administracións públicas (LCAP), introduce importantes novidades en materia de contratación das entidades locais. Unha deles é a previsión de que existan mesas de contratación con carácter permanente para todos os expedientes de licitación, coa composición prevista na Disposición Adicional Segunda da LCSP.*

*A Disposición Adicional Segunda punto 7ª LCSP establece : A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.*

*Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.*

*En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.*

*A composición da Mesa publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.*

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP así como a delegación efectuada mediante decreto de alcaldía 480/2016, de 16 de marzo (BOP nº 62, de 4 de abril de 2016), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.-** *Constituír, nos expedientes de licitación nos que sexa preceptiva a existencia de mesa de contratación, e nos que o órgano de contratación sexa a Alcaldía ou, por delegación desta, a Xunta de Goberno Local, Mesa de Contratación Permanente coa seguinte composición:*

#### Presidente/a da Mesa:

*Alcalde do Concello, José M. Miñones Conde.*

1º suplente: *Primeira Tenente de Alcalde, Genma Otero Uhía,*

2º suplente: *Segundo Tenente de Alcalde, David Santomil Mosquera.*

3º suplente: *Terceiro Tenente de Alcalde, Blas García Piñeiro.*

#### Vogais:

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)

atencioncidadea@concellodeames.gal  
www.concellodeames.gal

Tel: 981 883 002  
Fax: 981 883 925

*A titular da Secretaría municipal, Rosa Ana Prada Queipo, que actuará como vogal, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.*

*A titular da Intervención municipal, Margarita Fernández Sobrino, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.*

*O Xefe do Servizo de Contratación, José Rogelio Pardo Martínez, que actuará como vogal ou calquera outro/a funcionario/a da Corporación, preferentemente funcionario de carreira.*

Secretaria/o da mesa:

*O funcionario de carreira adscrito ó servizo de contratación, Emilio Garrido Moreira.*

1º Suplente: *Mª Isabel Quintáns Rios funcionaria interina do servizo de contratación.*

2º Suplente: *Jose Cabo Nodar, funcionario interino do servizo de secretaría*

*Segundo.- Publicar esta constitución e a súa composición no perfil do contratante do Concello de Ames e dar traslado de este acordo aos compoñentes da Mesa de Contratación Permanente.*

*Terceiro.- Facultar ó alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”*

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde en Ames, a venres 20 de xullo de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde  
José Manuel Miñones Conde

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo